

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com/j/meetup-join/_19%3ameeting_NTQxMTQwOWUtZWl3Yi00NTY1LW11YjctODJlNTRI_MzYwOGYy%40thread.v2/0?context=%7b%22id%22%3a%223326c0e7-e6aa-4e04-bbdf-0b325951674c%22%2c%22oid%22%3a%2247df4259-c2d1-4c40-b5ff-225a52ebe722%22%7d		
Data:	11/12/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia		X
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (27-11-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 27/11/2024.

2. Asamblea xeral

A Presidenta explica brevemente como se desenvolverán os diferentes puntos da Asamblea xeral do día 15/12/2024. Interven o tesoureiro e o director técnico para detallar aspectos relacionados cos diferentes puntos da orde do día.

3. Cesa

A Presidenta aclara diferentes aspectos relacionados co CESA, entre eles especifica que existe unha proba nova no CESA dirixida exclusivamente a nenos e nenas con necesidades promovida dende o Consello Superior de Deportes. Indica que será necesario solicitar voluntarios para comezar a revisar ou deseñar mapas.

4. Proposta Xesta

A Presidenta indica que a organización Xesta, despois de falar coa Deputación de A Coruña, lle propuxo á esta Deputación realizar a I Copa Deputación da Coruña. Trataríase de 3 eventos, a celebrar no segundo semestre do ano 2025, en 3 concellos nos que a día de hoxe non exista mapa, e que estén alonxados dos que a priori, teñan máis eventos deportivos.

Segundo o club Xesta a Deputación para poder aceptar o orzamento presentado indicaron que o formato máis viable para eles, a efectos de fiscalidade e tesourería, sería que o contrato fose a través da FEGADO. Polo tanto, Xesta Natureza solicitaría á FEGADO que actuase como interlocutor e que xestionase as facturas derivadas do orzamento presentado á Deputación, e que a posteriori, lle pagase a Xesta Natureza.

que para poder desenvolverla esta proba debe ser abalada pola Fegado. Intervén o Director técnico e o secretario para preguntar que papel e que responsabilidades suporá para a Fegado abalar esa proba. Para iso a presidenta e o tesoureiro da Fegado falará co club Xesta e a Deputación para coñecer as condicións nos que se desenvolvería esta proba.

5. Rogos e preguntas

A presidenta propón un rogo de Claudia dirixida ao tesoureiro no que se pregunta se todos os campionatos Xunta teñen apoio da FEGADO, e por que o Campionato Xunta de remudas mixto non recibe ningún apoio económico. Responde o tesoureiro indicando que só reciben subención as carreiras de MTBO, independentemente de que fosen Campionatos galegos, xa que dende o punto de vista económico resultan deficitarias. Engade que os campionatos galegos de O-pé non recibe ningún subención económica.

Á pregunta de se é posible que o Campionato Xunta de remudas mixto tamén reciba dita axuda económica o tesoureiro responde que si é posible pero iso suporá reducir orzamento económico de outra partida.

Aproveita o tesoureiro tamén para aclarar que está metendo presión aos clubs para que asinen os diferentes convenios xa que debido a que por culpa de certos clubs non entregaron a documentación requerida en prazo, a Xunta retrasouse en pagar o convenio. Por esta razón, de cara ao vindeiro ano farase igual que FEDO, é dicir, cando un club organice unha proba asinaranse os convenios e darase unha marxe de tempo de 10 días para que envíen a documentación requerida á tesourería. De non facelo, o club non cobrará a subención que lle corresponda.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 22:36 h do día antes indicado.